



CURSO 2023-2024

MÍNIMOS ESIXIBLES NO 1º CICLO DE
ED. PRIMARIA

1º E 2º DE ED. PRIMARIA

CEIPP DE PALMEIRA



PRIMEIRO ED. PRIMARIA

ÁREA DAS LINGUAS:

1. Participa activamente en diversas situación de comunicación.
2. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual , do ámbito escolar e social.
3. Descodifica e comprende de forma axeitada na lectura de frases de catro palabras con sílabas directas e inversas.
4. Le frases en voz alta silabeando.
5. Relaciona os códigos oral e escrito : discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías utilizando sílabas directas.
6. Desenvolve a conciencia fonolóxica : identifica sílabas directas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
7. Escribe frases de tres palabras respectando as normas de concordancia.

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

1. Le e escribe cifras ata o número 99.
2. Ordena números ata o 99.
3. Conteo ascendente ata o 99.
4. Identifica o valor de posición das cifras ata o 99 con axuda de material.
5. Descompón e compón números naturais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras ata o 99 con axuda de material.
6. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da suma sen levadas de dúas cifras na resolución de problemas contextualizados.
7. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da resta sen levada de dúas cifras na resolución de problemas contextualizados.
8. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de: diante-detrás, arriba-abaxo, dentro-fóra.



ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS:

1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
2. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
3. Recoñece partes do propio corpo .
4. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene, a alimentación e os tempo de lecer coa propia saúde.
5. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais.
6. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.
7. Identifica cor, dureza , cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS:

1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación.
2. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
3. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
4. Describe as características principais do aire e da auga.
5. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos , rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.
6. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o sol ten para a vida.
7. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.



ÁREA DE INGLÉS

- escoitar e comprender vocabulario e parte do sentido xeral de mensaxes en interaccións verbais sinxelas.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións moi sinxelas.

Vocabulario oral:

- cores
- números do 1 ao 12
- xoguetes (mínimo 3)
- animais (mínimo 7)
- tempo atmosférico (mínimo 3)
- partes do corpo (mínimo 3)
- medios de transporte (mínimo 3)
- accións (mínimo 3)
- membros da familia (mínimo 4)
- roupa (mínimo 3)
- comida (mínimo 3)
- días da semana (mínimo 2)

De este vocabulario teñen que saber recoñecer alguna forma escrita e saber escribir algunha palabra.



SEGUNDO ED. PRIMARIA

ÁREA DAS LINGUAS:

1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación.
2. Comprende, de forma global información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.
3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal dando unha información básica, omitindo detalles.
4. Le en voz alta ,con pronunciación e comprensión, textos de cinco liñas con palabras con sílabas directas, inversas e trabadas.
5. Comprende informacións concretas en textos de cinco liñas propios de situacións cotiás.
6. Escribe textos sinxelos de temas variados de cinco liñas utilizando: maiúscula a principio de oración , maiúscula despois de punto, punto ao final das oracións, concordancias de xénero e número e uso de inversas e trabadas.
7. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
8. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura aínda que ás veces poida presentar algunha segmentación ou unión inadecuada.
9. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias (artigo, nome, verbo, adxectivo).

ÁREA DE MATEMÁTICAS

1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado .
2. Le e escribe números con cifras ata o 999.
3. Ordena números ata o 999.



4. Realiza correctamente series ascendentes aínda que cometa algún erro no cambio de centena ata o 999.
5. Descompón e compón números naturais ,interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras con axuda de material ata o 999.
6. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta con levadas na resolución de problemas contextualizados.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS:

1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
2. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
3. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
4. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
5. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
6. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS:

1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
2. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.



3. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.
4. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.
5. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.

ÁREA DE INGLÉS

- escoitar e comprender o sentido xeral de mensaxes en interaccións verbais variadas.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos.
- escribir pequenas e sinxelas frases sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

Vocabulario oral:

- cores (todas)
- números do 1 ao 15
- obxectos da clase (mínimo 5)
- tempo atmosférico
- partes da casa (mínimo 3)
- accións (mínimo 5)
- animais (mínimo 8)
- preposicións (mínimo 2)
- aparencia física (mínimo 2)
- roupa (mínimo 4)
- comida (mínimo 4)
- días da semana (mínimo 3)

Este vocabulario tamén teñen que ser capaces de escribilo.

Estructuras sintácticas orales:

- I can ...
- I have got...
- I am wearing ...
- A nivel escrito deberán de ser capaces de escribir algunha frase sinxela coa axuda dun modelo.



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA

15014465

R/ MOLDES Nº 2;15959 PALMEIRA

(A CORUÑA)

T. 981 83 82 81 / M. Dirección: 613 475 382 /

M. Orientación: 620 196 720

CEIPP DE PALMEIRA